



Artistas en Residencia 2009

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO ♦ CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

XUNTA DE GALICIA

Artistas en Residencia

O programa Artistas en Residencia é unha iniciativa da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) xestionada polo CCG (Centro Coreográfico Galego) e o CDG (Centro Dramático Galego), que ten como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de creación nos ámbitos do teatro, danza, circo e outras artes do movemento. Tamén se poden beneficiar deste programa artistas que, dende outras disciplinas, traballen coas devanditas artes escénicas como referencia. Establécense ademais dous tipos de residencia: a que ten como finalidade a creación e a residencia-laboratorio, coa cal se ofrecen os recursos para desenvolver un traballo de investigación.

A aposta polo enriquecemento que produce o intercambio entre artistas e entre disciplinas artísticas preside a convocatoria e o desenvolvemento de Artistas en Residencia, de xeito que creadores e investigadores poden servirse dos medios necesarios para experimentar, manifestarse artisticamente ou indagar os novos camiños polos que ha transitar a escena contemporánea do país.

Este ano seleccionáronse 14 proxectos, a meirande parte deles galegos, de entre o total de 167 que optaron como candidatos. As propostas artísticas e os creadores que traballarán entre abril e decembro no CCG e no CDG a través desta iniciativa son Guillem Mont de Palol, coa obra titulada *Yo fui un hombre lobo adolescente inventando horrores*, La Canalla C.B. con *PlayGround_textil'n progress*, Rut Balbis Calviño con *Tres*, Gena Romero Baamonde con *Corpo-Puta-Vaca-Berro*, Carolina Fernández Fraga con *Arquitecturas interiores*, David Loira García con *Macho*, María Mercé Pérez con *Re-Fiando*, Julien Vittecoq con *ÁiE*, Estefanía García e Pablo Fidalgo con *A democracia*, Víctor Zambrana con *3*, Laura Lizcano Sánchez con *Assemblage*, Michel Groisman con *Jogos corporais*, Xavier Mariño Álvarez con *Identidades* e Borja Fernández Rodríguez con *Rewind*.

O traballo resultante, tomado tanto no seu conxunto coma na súa singularidade, ofrecerá, sen dúbida, unha boa mostra das inquedanzas dos nosos creadores actuais, mostra á cal poderán acceder os espectadores interesados por medio das sesións abertas que se organizarán para compartir o resultado de cada proposta.

PROXECTOS E ARTISTAS 2009

- ◆ *Assemblage*, de Laura Lizcano Sánchez (CCG)
- ◆ *A democracia*, de Pablo Fidalgo Lareo e Estefanía García Gómez (CDG)
- ◆ *Macho*, de David Loira García (CCG)
- ◆ *Re-fiando*, de Mercé de Rande (CCG)
- ◆ *PlayGround_textil'n progress*, de La Canalla C.B. (CDG)
- ◆ *Corpo-puta-vaca-berro*, de Gena Baamonde, Eva Freixeira e Vanesa Sotelo (CDG)
- ◆ *Rewind*, de Borja Fernández e Uxía P. Vaello (CDG)
- ◆ *Identidades*, de Xabier Mariño Álvarez (CDG)
- ◆ *3*, de Víctor Zambrana (CCG)
- ◆ *Arquitecturas interiores*, de Carolina Fernández Fraga (CCG)
- ◆ *Jogos corporais*, de Michel Groisman (CCG)
- ◆ *Tres*, de Rut Balbis Calviño (CCG)
- ◆ *ÁiE*, de Georgina Domingo e Julien Vittecoq (CDG)
- ◆ *Yo fui un hombre lobo adolescente inventado horrores*, de Guillem Mont de Palol (CCG)

Assemblage

de Laura Lizcano

03



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Abril 2009

Este proxecto nace da ambición de desenvolver un traballo en colaboración entre artistas de diferentes áreas -danza, teatro, música, fotografía, iluminación etc.- coa intención de crear un espectáculo interdisciplinar. O punto de partida son os conceptos de imaxe, palabra e imaxinación. Un lugar e dúas persoas, dúas imaxes físicas, reais. Unha terceira presenza, unha imaxe mental que, a través da palabra, comeza a modificar e a influír na imaxinación das dúas imaxes anteriores. Esa modificación interna exteriorízase a través da transformación da imaxe do propio corpo e a través da creación de espazos imaxinarios.

Assemblage quere investigar e experimentar coa relación e a transformación entre o movemento e o texto.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Laura Lizcano (voz e corpo)

Diplomada en ballet clásico pola Escuela Superior de Arte Dramático y Danza de Córdoba, completa os seus estudos en diferentes técnicas de danza contemporánea cos mellores mestres nacionais e internacionais. No ano 2001 recibe as bolsas de estudos da Junta de Andalucía e do Ministerio de Cultura en perfeccionamento de danza e trasládase a París, onde estuda durante dous anos na escola de Peter Goss. Participa no proxecto *Bauhaus Catedrais, ideas e construción para un fin común*, incluído na rede ¡MIRA! Francia-España-Portugal co apoio da Unión Europea a través do programa INTERREG IIIB-Espazo SUDOE. Traballou como bailarina e coreógrafa con distintas compañías, foi profesora de danza contemporánea en diversas escolas e é a coreógrafa e a directora artística da compañía bikini.ducc.

Guillermo Weickert (dirección)

Estuda interpretación no Instituto del Teatro de Sevilla e fórmase como bailarín no Centro Andaluz de Danza (CAD). Dende o ano 1995 traballa como bailarín e actor en compañías de danza contemporánea e teatro. En 2001 comeza a combinar o seu labor de intérprete coa dirección de espectáculos propios e doutras compañías. Os seus traballos presentáronse en festivais europeos de referencia. Desenvolve tamén a súa actividade na docencia impartindo clases de danza en diversos centros e compañías de todo o estado.

Uxía P. Vaello (voz e corpo)

Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e en danza pola Escola Superior de Dança de Lisboa, completa os seus estudos en distintas disciplinas de danza. Desenvolve o seu traballo en compañías como Amercédascirkunstanzias, Martha Cardozo ou Pistacatro, e é mestra de danza contemporánea e composición. Co apoio do CCG, en 2007 realiza o solo *Arder nun hotel* e en 2008 a peza *Play*, xunta Borja Fernández, que se presentou no Mov-s 08.

Rafaela Salvador (voz e imaxinación)

Licenciada en danza, na especialidade de espectáculo, pola Escola Superior de Danza do Instituto Politécnico de Lisboa. Completou a súa formación en danza contemporánea con mestres como Angélique Wilkie, Annabelle Bonnéry ou Rui Horta, entre outros. Participou como intérprete na compañía Olga Roriz e no proxecto Artemrede, e é autora da coreografía da ópera *Don Giovanni*, con dirección de Ferreira Lobo e creación de Carlos Avilez para o Orfeón da Universidade de Coímbra.

A democracia

de Pablo Fidalgo Lareo e Estefanía García Gómez

04



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Xuño - xullo 2009

Somos nós e nunca seremos outros. Saímos a escena para falar de amor e para pegarnos na cara. Saímos a escena para que os nosos corpos se marquen e se distinguan.

Mostramos o corpo desnudo, describimos as nosas feridas, ofrecemos o corpo para calquera cousa, para quen o necesite. Ofrecemos o corpo á noite e ao día que a segue. Ofrecemos a forza da nosa xuventude para empezar a pensar doutro xeito. Dicimos o noso nome e o dos nosos pais. É posible consultar a nosa historia, averiguar quen somos. Somos dous, isto é o único importante. Nós pelexamos porque non hai ninguén máis. Non aceptamos o corpo que nos foi dado, nin a beleza, nin as relacións. Non aceptamos as palabras nin a democracia. Aceptamos só a exposición, a destrución, as miradas. Dicimos que é posible outro xeito de relacionarse, de ser belos e de mirarse. Dicimos que despois da noite vén o día.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Pablo Fidalgo

Dramaturgo, actor e poeta, fórmase en interpretación e dramaturxia na RESAD de Madrid. É membro da compañía La Tristura para a que escribiu, xunta Celso Jiménez, as obras *La velocidad del padre, la velocidad de la madre* (2006) e *Años 90, nacimos para ser estrellas* (2008), premiada no Injuve Propuestas Escénicas 2008. As dúas obras están publicadas na colección Pliegos de teatro y danza e foron presentadas en El canto de la cabra, La casa encendida, Antic Teatre, Teatro Ensalle, La Fundación e Teatro de los Manantiales.

É autor do caderno de poemas *A idade do ar*, accésit do Premio Minerva, da peza teatral *Semmelweis*, do relato *Viajes fundamentales*, publicado na Antoloxía *Sobre tierra plana*, e do vídeo *Cada vez que intentes engañarme volveré a casa*.

Foi poeta convidado ao Festival Internacional de Poesía Cosmopoética (Córdoba, 2007) e en novembro de 2009 participará no Congreso de Novas Dramaturxias no Centro Párraga en Murcia. É crítico da revista Poesía digital.

Estefanía García

Estuda no departamento de danza da Universidade París 8 en Artes do Espectáculo Coreográfico e licénciase en Psicoloxía na Universidade de Valencia. Ten realizado cursos con Rafael Ricart (investigación e creación de butô), coa compañía Raravis de Andrés Corchero e Rosa Muñoz (coreografía), Juha Marsalo, Teatro de los Sentidos (poéticas sensoriais), Los Que Quedan, Chantal Yzermans (coreografía), Gisèle Vienne (dramaturxia e corpos artificiais) e coa compañía Pippo Delbono.

Entre os seus traballos, destacan a performance *12 fragmentos de una cronología del azar*, estreada na primeira edición do Festival Valetudo Artístico de Valencia, e o proxecto fotográfico *Somos espectáculo*, presentado na exposición "Ghost Track" na Accademia Albertina delle Belli Arti en Torino, ambos os dous en colaboración coa artista plástica Michela Depetris.

Crea a performance *Jule et Stéphan* con Julie Bourgeois, presentada na sala Glazart de París. En Madrid presentou no teatro El canto de la cabra a peza breve *La caída de Gerry* coa bailarina Maryluz Arcas. O seu último traballo é unha peza creada con La Tristura sobre a memoria histórica española titulada *Acciones para un nuevo mundo* e presentada no Teatro Alfíl.

Macho

de David Loira

05



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Xuño - xullo 2009

Relacionando unha temática sobre identidade sexual e unha temática floral, desenvólvese a idea dun corpo masculino en coma. O traballo de dirección e interpretación parte dunha posición moi interna. O coma como un gran misterio. A auga que se atopa entre a nada e o algo, entre o 'non haber' e o 'haber', e que pasa por infinitas transformacións. Evocando un corpo ausente en aparencia inmóbil como o corpo en coma estaría a imaxe do lago. Idea que relaciona corpo, movemento, auga e paisaxe.

Descubrinto e atopando ese corpo masculino, a medida que se vai agochando da vida e da morte faise presente e vaise convertendo nunha flor na que entra en dialéctica o feminino e o masculino, a acción e a non acción, a vida e a non vida, o soño e a realidade.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

David Loira

Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte pola Universidade da Coruña. Este actor, acróbata e bailarín traballou en compañías como Experimenta Danza ou Caramuxo Teatro. No ano 2005 funda xunto a Rut Balbis a compañía Pisando Ovos, coa cal en 2008 recibe o 1º Premio no Certame Coreográfico de Madrid pola obra *No intre 1800*. Participa tamén como coreógrafo e intérprete en distintas videocreacións e foi asistente de coreografía de Antón Coucheiro na creación do espectáculo *Habitat*. Como docente, impartiu seminarios de movemento e danza nas universidades da Coruña e Vigo, na Universidade de Ugon (Ghana) ou na Escola Espacio Aberto de Santiago de Compostela. No ano 2008 forma a súa compañía.

Artistas colaboradores

Rosa Sánchez e Alain Baumann (titores e asesores)

Escrito, dirixido e interpretado por David Loira, o equipo artístico de *Macho* conta cos asesores artísticos Toni Mira – Compañía Nats Nus–, e con Rosa Sánchez e Alain Baumann, creadores de Kònic Theatre –iniciativa recoñecida internacionalmente como pioneira no emprego e incorporación de tecnoloxía interactiva en proxectos de creación– como asesores en novas tecnoloxías. En *Macho* intervira a actriz e bailarina Fiona B. Mccaudden, Octavio Mas é o encargado da iluminación, Masako Hattori do vídeo, Xacobo Torres da axudantía técnica e Roberto Fratini da asesoría de dramaturxia.

Re.fiando

de Mercé de Rande

06



Lugar de residencia

Teatro Ensalle
Vigo

Data de residencia

Xuño - xullo 2009

Este proxecto ten como punto de partido a peza *Fiando o Kaos*, unha creación multidisciplinar que comeza no ano 2006 no Festival Zona Alternativa da Sala Nasa (Santiago de Compostela). Esta proposta trata de reflexionar sobre a necesidade de que unha obra se materialice sempre segundo as mesmas fórmulas de proceso, ensaio e estrea, sobre se é posible estrear unha obra e, a seguir, comezar un novo proceso de creación, sobre se é posible unha nova forma de relación entre a organización, artista e público que permita o desenvolvemento axeitado de certos proxectos artísticos que debido á súa complexidade ou abundancia de recursos requiren outro tipo de comunicación entre ambos.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Mercé de Rande

Ten unha formación diversa, internacional e multidisciplinar: Teatro de la Danza (Madrid), Forum-dança (Lisboa), CDC (Toulouse), CCNM (Montpellier), estudando técnica de danza contemporánea e creación (teatro, voz, vídeo, instalación sonora etcétera). Destacan dos seus mestres Vera Mantero, Nigel Charnok, Mathilde Monnier e Thierry Bâe, entre outros. En 2006 entra na compañía Incidents Mémorables de París, especializada na aplicación das novas tecnoloxías á escena. En 2007 crea a súa compañía Á Mercé das CirKunTanzias, e xunto a Quique Peón pon en marcha *A Arándara*, unha proposta apoiada polo CCG a través do programa Artistas en Residencia. Desenvolve tamén a súa actividade como docente impartindo obradoiros e cursos en distintos espazos.

Artistas colaboradores

Liana Vella

Traballa como antropóloga teatral e colabora na asistencia de dirección e produción.

Ana Gesto

Traballa no ámbito do vídeo e a *performance*.

Sarga Silva

Forma parte do proxecto como intérprete de danza e música.

David Muñiz


Interpretará a arpa celta.

Manuel Camiña

Será o encargado da fotografía, a documentación e a asistencia de elementos escénicos.

PlayGround_textil'n progress 07

de La Canalla C.B.



Lugar de residencia

MARCO - Museo de Arte Contemporánea
Vigo

Data de residencia

Xullo - agosto 2009

A finalidade deste laboratorio consiste en reflexionar e investigar sobre o téxtil como elemento creador de espazo e a súa relación co movemento. Trátase de afondar a través dunha indagación aberta na relación: suxeito / movemento / indumentaria / espazo.

Desde as súas orixes, o ser humano usa o tecido para protexerse do ambiente creando barreiras fronte ao clima, ocultándoo das olladas dos outros ou como signo que comunica o seu sexo, nivel social, procedencia ou idade. A roupa nivela ou diferencia, facilita ou dificulta o movemento dependendo dos materiais, acabados e estruturas escollidas para a súa confección.

Investigar arredor da potencialidade dos materiais téxtiles como elementos de construción do espazo é o obxectivo principal de *PlayGround*: abrir camiños de intercomunicación, buscar, indagar, escoitar, tocar, manipular... xogar.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

La Canalla

La Canalla nace en 1997 como unha iniciativa empresarial baseada nunha inxuedanza persoal: a calidade de vida. Con diferentes traxectorias dentro e fóra da moda, a firma está composta por Francisco Soto, Amalia Collazo e Patricia Soto.

A marca arranca baixo un criterio diferenciador, *customizando* prendas fóra de catálogo. En 2001 abren a súa propia tenda e estudo de deseño en Vigo, centrando a proposta de marca en pezas únicas e traballos especializados para espectáculos, grupos musicais, teleseries, vodas, eventos socioculturais..., deixando atrás por completo a reciclaxe.

A identidade da marca levounos a formar parte do equipo docente de Esdemga, participar na edición de Arco 2003, traballar para La Fura dels Baus, presentar a súa colección 2005 na galería de arte contemporánea Adhoc de Vigo, facer o vestiario da xira do X aniversario do disco *Bon Día* de Els Pets e vestir a artistas como Uxía Senlle, Ugia Pedreira...

Ademais de desenvolveren as súas coleccións por temporadas, forman parte do equipo habitual das compañías A Factoría Teatro e Disquedanza, coa que están a traballar nun vestiario experimental para o seu espectáculo *Desmemoria-2*. Entre os últimos vestiarios que deseñaron para espectáculos teatrais figuran os de *Tabú Resorte (tabú revuelta)* de Javier Martín, *Señor Mundo, dígame?*, de Factoría Teatro, *A boa persoa de Sezuán*, do CDG, *Game Over*, de CaChuzo Teatro, *O club da calceta*, de Teatro do Morcego, *O burgués fidalgo*, de Teatro do Morcego (Premio María Casares 2008 ao mellor vestiario) ou *O regreso ao deserto*, tamén do CDG (nomeado ao Premio María Casares 2006 ao mellor vestiario).

Corpo – puta – vaca – berro

de Gena Baamonde, Eva Freixeira e Vanesa Sotelo

08



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Xullo – agosto 2009

Este proxecto pretende explorar as novas formas de ser e de estar no mundo e no escenario, principalmente, desde un punto de vista de muller interesada en falar do feminino desde o feminino e a súa contemporaneidade sen complexos nin dramatismo, tomando como un dos materiais de partida o libro de poemas de Lupe Gómez *Os úteros dos cabalos*, debido ao seu particular imaxinario e á súa temática descarnada e pouco compracente da muller.

Esta residencia-laboratorio servirá para unir a creatividade das tres participantes na busca dunha nova dramaturxia, cunha linguaxe propia e unha aposta clara por mesturar diferentes linguaxes escénicas.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Gena Baamonde

Actriz habitual da escena galega, comeza a súa traxectoria interpretativa en 1990 dentro da compañía Matarile Teatro, coa cal actúa en varios espectáculos como *Andante*, *Café Acústico* ou *Zeppelin núm. 7*. Tamén forma parte do equipo de organización do Festival Internacional de Danza En Pé de Pedra e crea numerosas curtas de teatro, sempre con idea e guión orixinal baixo o pseudónimo de Juanita Lema.

Reside durante varios anos en Madrid, onde crea xunto con outras actrices a compañía Esteoeste, coa cal é seleccionada para participar en *Tres nits de dansa* na sala Beckett.

Interesada nas linguaxes mixtas que conxugan teatro e danza, crea a compañía María A Parva coa que estrea os espectáculos *Mullerona*, *Xogo para Nenas* e *Indignos*, para os que escribe o texto orixinal e dirixe. Acaba de traballar con Guillermo Weickert, Raquel Sánchez e Marina Wainer no espectáculo *Divos* da compañía La Megaló Teatro Móvil e exerceu como axudante de dirección para o CDG en *Valdemuller*.

Actualmente cursa a especialidade de Dirección de Escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).

Eva Freixeira

Licenciada en Filoxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente estuda Dirección de Escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).

Foi finalista do I Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, organizado pola Radio Galega e o CDG, coa peza titulada *1.073*.

É autora do texto *Ela que come formigas*, publicado pola Deputación Provincial da Coruña na colección Casahamlet.

Vanesa Sotelo

Licenciada en Ciencias da Información, a súa experiencia teatral comeza como actriz na Aula de Teatro da Universidade de Santiago no ano 1999 e segue coa compañía Teatro no Aramio, para a que escribe a peza *Azotea* (2003). A continuación marcha a Francia cunha bolsa Erasmus e pasa a formar parte dos grupos da Université de Rennes II e da Asociación de Amphi-Théâtre. Ao seu regreso, volve contactar con Teatro de Aramio e dirixe as montaxes *O asasino sorrinte* (2005) de Jean Marie Piemme, espectáculo premiado no certame Na Vanguarda, e *Eos cans calaban*, de Aimé Casaire (2006). Foi dramaturga residente para o CDG na temporada 2007-2008 xunta Rubén Ruibal e Jacobo Paz, escribindo a peza *Estigma*. Colaboradora e membro do Consello de Redacción da Revista Galega de Teatro, actualmente cursa a especialidade de Dirección de Escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).

Rewind

de Borja Fernández e Uxía P. Vaello

09



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Agosto - setembro 2009

Borja Fernández e Uxía P. Vaello traballan habitualmente no campo das artes escénicas. Se en *Play*, a súa primeira produción conxunta, o proceso de creación converteuse en protagonista achegando ao traballo unha tintura experimental canto a sistemas para o encontro de material escénico, *Rewind* conforma un paso máis nesta pescuda. Así, o proceso de creación artística é practicamente o centro temático deste proxecto.

Este solo de teatro-danza presenta como tema central o pasado como fantasía do presente, isto é, como a percepción e posterior descrición das cousas que existiron dalgunha maneira dan lugar no presente a fantasías, ilusións e contos de fadas.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Borja Fernández

Intérprete multidisciplinar autodidacta, é cofundador da compañía de novo circo Pistacatro Productora de Soños e integrante do grupo de música experimental Es un árbol.

En 1999 funda xunto con Marta Pazos a compañía Belmondo, coa cal actúa nas pezas *Lolamento (Im zorry)*, *Sidecar*, dirixida por Carlos Santiago, e *Jean Paul*, baixo a dirección de Montse Triola. Traballa con compañías e profesionais do teatro e da música como Teatro Ensalle, Chêvere Teatro, Arrepentimentos de Padrón, Avelino González, Carlos Santiago, Fran Pérez, Trigo Limpo-Teatro Acert (Portugal), así como coas bailarinas e coreógrafas Mercè de Rande e Uxía Vaello. Participa activamente en accións como Ultranoites (cabarés colectivos da Sala Nasa, en Compostela) ou eventos da Asociación de Novo Circo e Cabaré Galega Pista Cinco: Festas do Circo ou o Festival d' Gorra.

Para o CDG traballou anteriormente nas montaxes *Illa Reunión* e *Noite de Reis. Ou o que queirades*, así como na coprodución *Kamikaze* xunto a Pistacatro Productora de Soños.

Uxía P. Vaello

Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e en danza pola Escola Superior de Danza de Lisboa, completa os seus estudos en danza contemporánea con profesionais como Rui Horta, Elena Córdoba, Andrés Corchero, Anabelle Bonnery, Angélique Wilkie, Guillermo Weickert ou Margarida Bettencourt, entre outros. Dende 1989 estuda outras disciplinas de danza como danza clásica, ballet galego, claqué ou danzas sagradas afrobrasileiras.

Traballa en compañías como Amercédascirkunstancias (*Fiando o Kaos* e *Proxecto Zocas*), Martha Cardozo (*Involuta*) ou Pistacatro (*Kamikaze*). En 2007 realiza o solo *Arder nun hotel*, co apoio do CCG. É tamén mestra de técnica de danza contemporánea e composición.

Artistas colaboradores

Ricardo Ramírez

Artista plástico colombiano.


Alfonso Castro

Iluminador.

Identidades

de Xabier Mariño Álvarez

10



Lugar de residencia

MARCO - Museo de Arte Contemporánea
Vigo

Data de residencia

Agosto - setembro 2009

Identidades é unha instalación interactiva relacionada coa *performance*, a video-creación, a escultura e a música electroacústica, non como disciplinas consideradas individualmente senón no seu conxunto. O proxecto, cuxo obxectivo é unha reflexión sobre a identidade, estrutúrase en varias partes diferenciadas -traballo puramente sonoro, de video-creación, e performativo- pero ligadas entre si. O papel do público será máis que nunca determinante non só por estar inmerso nun espazo imaxinario, case virtual, senón tamén por proporcionar como se dunha retroalimentación se tratase a súa propia identidade, a súa actitude pasiva ou activa na construción narrativa.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Xabier Mariño

Estuda piano no Conservatorio Reveriano Soutullo da súa vila natal. Licenciado en Composición en Musikene, Centro Superior de Música do País Vasco, recibe clases de técnicas de composición con medios electroacústicos e para medios audiovisuais cos compositores Gabriel Erkoreka, Ramón Lazkano, Stefano Scarani e Christophe Havel, entre outros.

É seleccionado para participar nos Encontros de Composición para Cuartetos de Corda con Nicolás Bacri no Conservatorio Nacional Rexional de Bayonne (Francia) e mais no Encuentro Iberoamericano de Composición Musical Injuve 2007 cos mestres Jesús Rueda, Hilda Paredes, Phillippe Hurel e Poul Ruders.

Como compositor realiza obras para diversas formacións instrumentais con medios electroacústicos e audiovisuais, entre as que destacan *Concerto para saxofón e 7 instrumentos*, seleccionada polo antigo IGAEM para a edición da partitura dentro da serie *Ars Gallaecia Musicae* coa editorial Dos Acordes; *Musika-lur*, teatro musical realizado durante a súa estada como compositor residente da E.G.O. (Xove Orquestra de Euskadi); *A sombra do sol*, encargo do I Festival Internacional de Música de Cámara de Galicia Cameralia 07 ou *Cantos de Reis*, encargo da Orquestra Sinfónica de Musikene de San Sebastián. É compositor asociado das agrupacións Krater Ensemble (Euskadi) e Fonos 21 (Galicia).



Lugar de residencia

Fundación Torrente Ballester
Ferrol

Data de residencia

Setembro 2009

Nesta proposta traballárase o corpo en relación á luz, o espazo e o son, reflexionando sobre o concepto de representación como idea ou imaxe da realidade. Os artistas xogan co 3 como elemento de composición e buscan unha nova concepción do corpo como vehículo intuitivo de comunicación. O número 3 refírese á unidade como concepto, e é nesa unidade onde reside o verdadeiro fundamento deste traballo: unificar tres xeitos de entender o corpo que, á súa vez, son tres xeitos de representalo. Os tres integrantes deste proxecto traballarán cunha idea distinta do corpo: Joaquín Jara co *corpo pictórico*, Iliá Mayer co *corpo sónico* e Víctor Zambrana co *corpo escénico*.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Víctor Zambrana

Estuda Belas Artes e licénciase na rama de deseño gráfico e gravado na Universidade Santa Isabel de Hungría. Compaxina a súa formación artística con estudos de danza contemporánea na Academia de Danza Siglo XXI, a Escuela de Danza Alicia Márquez, o Estudio de Danza Pasaje Mallol, o Centro Andaluz de Teatro (CAT) e o Centro Andaluz de Danza (CAD). Como intérprete traballou en diversos espectáculos e óperas de compañías nacionais e internacionais. É autor de traballos que contaron co apoio de La Caldera, Junta de Andalucía ou a compañía Malqueridas. Participou en festivais como *Huellas*, *Trayectos*, *Días de Danza*, *Festival de Valladolid*, *En Pé de Pedra*, *Mes da Danza de Sevilla*, *The Quilt* en Nova York, ou na rede europea de programadores de artes na rúa *In Situ*.

Artistas colaboradores

Joaquín Jara

Pintor, traballa tamén con instalacións escultóricas expostas en ámbitos naturais que abordan o tema da descomposición e o baleiro. A súa característica fundamental é o uso da luz aplicada sobre corpos que conviven en espazos pechados.

Iliá Mayer

Músico e artista de *street art*, mediante o uso de programas de composición musical logra crear espazos sonoros que se relacionan directamente co intérprete, convertendo a danza na voz da música.

Arquitecturas interiores

de Carolina Fernández

12



Lugar de residencia

Fundación Torrente Ballester
Ferrol

Data de residencia

Setembro 2009

Arquitecturas interiores é un collage de creacións visuais nun espazo escénico conceptual onde a bailarina/performer tratará de escribir co seu corpo, voz e movemento un discurso íntimo en confrontación cunha realidade exterior. A obra artículase a redor de temas como a desestruturación do pensamento da cidade ou a busca dunha nova metodoloxía de habitar os espazos e de estar no mundo. O punto de partida deste traballo son tres videocreacións e unha instalación. Esta primeira parte do traballo presentouse en decembro de 2008 no Festival de Arte e Reciclaxe *Drapart* de Barcelona.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Carolina Fernández

Estudou danza no Centro Nacional de Danza Contemporánea de Angers (Francia) e teatro na escola Espazo Aberto de Santiago de Compostela. É autora de *Nin principes nin hostias*, obra que presentou na Sala Nasa en xaneiro de 2006. No ano 2007 recibe unha bolsa de estudos do Consorcio Audiovisual para cursar obradoiros nun laboratorio de cine experimental de París. Actualmente estuda artes gráficas e visuais para incorporalas no seu traballo artístico. Fundou en Viveiro o Centro de Creacións Artísticas, un proxecto en construción que quere ser un espazo de creación multidisciplinar. En 2007 gaña o 3º premio do Certame de Xoves Creadores Galegos na modalidade de Artes Gráficas.

Artistas colaboradores

Gael Herrera

Realizadora galega, axudou na elaboración das videocreacións e estará durante a residencia para traballar o uso do audiovisual en escena.

Alfonso Pexegueiro

Escritor e poeta galego, elaborou un poema escénico en colaboración coa artista.

Xavier Alberti

Músico, compositor e recoñecido director de escena catalán, achegará a súa visión exterior neste proxecto escénico multidisciplinar.

Jogos corporais

de Michel Groisman

13



Lugar de residencia

Fundación Torrente Ballester
Ferrol

Data de residencia

Setembro 2009

Esta proposta quere pescudar, crear, experimentar e desenvolver xogos corporais. Xogos que estimulen a investigación sobre a relación de cada un co seu propio corpo e co corpo do outro, a través dos que se descubran diferentes potencialidades do corpo. *Jogos corporais* quere propiciar a vivencia de momentos lúdicos que provoquen a integración e colaboración entre os participantes e que xeren unha reflexión sobre a vida, establecendo unha comparación entre esta e o xogo. Pode ser un xogo para nenos ou para adultos, para xogar individualmente e traballar o propio coñecemento, ou en grupo para traballar a integración, a cooperación e a comunicación.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Michel Groisman

Este brasileiro desenvolve un traballo que integra xogos corporais con artes visuais. Nesta investigación contou co apoio de diferentes bolsas de estudos: Rioarte (2004), Vitae (2002) e Uniarte de Faperj (2000). O seu traballo exhibiuse en diferentes museos e festivais de danza e *performance* como a exposición *Tempo* do MOMA de Nova York, II Bienal de Lima, festival de La Batiê en Xenebra, Festival In Transit The Berlin lab en Alemaña etcétera. Dende 2004 colabora con outros artistas e, xunto con Sung, en 2007 inaugurou no Museo de Arte Moderna do Río de Xaneiro a exposición *Porta das Mãos*, que na actualidade está sendo mostrada no Museo de Arte Contemporánea de Niterói.

Artistas colaboradores

Gabriela Duvivier

Graduouse no Alexander Technique Studio de Londres no ano 1999 e estudou o método Impro con Keith Johnstone. Dende entón ensina técnica Alexander e desenvolve un proceso de aplicación desta técnica a diferentes formas de expresión artísticas, como a improvisación teatral, as artes plásticas e a danza. En 2003 fundou a compañía de improvisación *O Teatro do Nada*, e dende 2004 desenvolve o seu traballo xunto ao artista Michel Groisman.

Tres

de Rut Balbis

14



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Setembro 2009

Este proxecto investiga sobre o tema da muller por medio dos encontros e desencontros de tres mulleres coas súas individualidades e os seus puntos en común. Un mundo por descubrir que se irá abrindo a medida que o proceso avance, rescatando historias persoais e outras comúns. Descubrir todas as posibilidades do corpo, todos os seus límites e extremos é o xerme desta proposta. O xogo con distintas disciplinas como a acrobacia, o movemento máis minimalista, o uso de técnicas de improvisación e de contacto, o xogo escénico etcétera serán claves para comunicarse co público mediante unha mensaxe final que o espectador descodificará segundo as súas experiencias persoais.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Rut Balbis

Licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, fórmase en danza contemporánea con creadores como Andrés Corchero, Hisako Horikawa, Daniel Abreu ou Damián Muñoz, e realiza o One Year Certificate londiniense en danza contemporánea. Dende 2005 desenvolve a súa traxectoria profesional á fronte da compañía Pisando Ovos, coa cal estreou varias montaxes como *N8 OHX*, *No intre 1800* -que obtivo o 1º premio no Certame Coreográfico de Madrid-, e *30.000*, dirixida por Damián Muñoz e coproducida polo CCG. Participou en algúns dos máis destacados festivais nacionais e internacionais como Escena Contemporánea, Dansa Valencia, o TAC de Valladolid, o SAT de Barcelona, o Bassano Festival de Italia e o Mov-s. É profesora na Aula de Teatro e Danza da Universidade da Coruña.

Artistas colaboradores

Janet Novás

Formouse na escola Carmen Senra e no Conservatorio Profesional de Danza de Madrid. Colabora con profesionais como Pedro Berdayes e Jose Reches. Dende o ano 2003 traballa como bailarina para a compañía Provisional Danza de Madrid. Actualmente desenvolve a súa actividade na compañía Daniel Abreu.

Andrea Quintana

Estudou danza clásica e formouse con coreógrafos e profesores europeos como María Muñoz, Rasmus Ölme, Karen Levi, Samuel Lefevre, Rui Horta ou Ana Buitrago, entre outros. Traballou con coreógrafos como Carmen Werner, José Reches ou Madelyne Reant, e actualmente colabora nas compañías de Daniel Abreu, Patricia Ruz e Arrieritos.

Afonso Castro

Dende o ano 2000 toma contacto co mundo do teatro e da danza facendo montaxes técnicas, pero será en 2003 cando comece a súa dedicación ao deseño de iluminación no Teatro Galán. Traballa realizando escenografías e deseños de luces para Leilía, Jean Paul, CDG... Actualmente é o responsable técnico das compañías Pista Catro, Teatro de Adro, Play&Rewind, Plataforma Voadora e Pisando Ovos.

Aïe

de Georgina Domingo e Julien Vittecoq

15



Lugar de residencia

Nave Circonove
Ames

Data de residencia

Setembro - outubro 2009

Esta proposta inspírase no traballo de investigación iniciado co espectáculo de curta duración *Follow me*, da compañía de circo franco-catalá Cridacompany, creada en Toulouse en 2006 froito do encontro en Lido (no Centro de Artes do Circo de Tolosa) de dous artistas: Georgina Domingo e Julien Vittecoq.

Aïe toma como punto de partida as sensacións e as enerxías -como a impotencia, a cólera ou a rabia- para desenvolver unha ferramenta de traballo propia e descubrir unha escritura propia, un novo vocabulario a través do corpo.

Durante un primeiro período de investigación, defínense una serie de elementos básicos para a creación (instrumentos, obxectos de circo, materiais, música...). A seguir, estableceranse os temas e a dramaturxia, así como as coreografías, acrobacias e as situacións dramáticas. O segundo paso será a escrita do traballo corporal, musical e textual. E, por último, a posta en escena.

Proxecto desenvolvido polo Centro Dramático Galego.

Georgina Domingo

Comeza a súa traxectoria artística aos 16 anos participando nun grupo de teatro musical tradicional en Cataluña. De maneira autodidacta, aprende canto, acordeón diatónico e percusión. En 2001 decide formarse nas artes circenses na Escola de Circo Carampa de Madrid, onde se inicia no teatro físico e de texto grazas ao encontro co director Hernán Gené. Continúa a súa formación na Escola Rogeli Rivel de Barcelona (2002) e no Centro de Artes do Circo de Toulouse de Languedoc El Lido (2003-2005).

En 2002 crea a súa propia compañía de rúa, Guirigroup, coa que participa en xiras e en numerosos festivais de rúa por toda Europa.

Julien Vittecoq


Descobre a danza contemporánea e as artes circenses nos obradoiros de creación da Universidade de Rouen (2000). Fórmase en mimo corpóreo (técnica Decroux) e en arte dramática na Escola Internacional de Mimodrama Sr. Marceau (2001-2002), e continúa no Centro de Artes do Circo de Toulouse de Languedoc El Lido, onde remata a súa formación entre os anos 2003 e 2005.

No transcurso destes cinco anos de preparación, traballa para diferentes artistas como Andy DeGroat (danza), Alain Rigou (teatro/danza), Firenza Guidi (teatro/*performance*), Thomas Mettler (*clown*/teatro físico) ou Sébastien Tetó (cine).

Yo fui un hombre lobo adolescente inventando horrores

de Guillem Mont de Palol

16



Lugar de residencia

Nave da AGADIC
Santiago de Compostela

Data de residencia

Novembro - decembro 2009

Este traballo constrúese como unha colaboración entre un coreógrafo, un escenógrafo e un artista sonoro para investigar na narración e contacontos dentro do xénero do terror e do horror. Deste xeito, proporanse unha dramaturxia sonora, unha dramaturxia escénica e unha dramaturxia espacial ou da escenografía. Unha vez creadas as tres dramaturxias, estableceranse relacións entre elas das que xurdirá unha nova historia.

Yo fui un hombre lobo adolescente é unha *performance* na que se buscarán diferentes métodos para construír escenas de horror e de terror a partir do falso e do artificial, xogando a aparentar e imaxinar.

Proxecto desenvolvido polo Centro Coreográfico Galego.

Guillem Mont de Palol

Comezou os seus estudos artísticos en distintos centros de Barcelona. No ano 2002 trasládase a Amsterdam para cursar os estudos coreográficos na School for New Dance Development, onde se gradúa en xuño de 2006. Actualmente combina o traballo de coreógrafo independente coa participación en distintas producións como bailarín. Traballa con distintas técnicas corporais como o aikido, ioga, Alexander, técnica *release* e contact. As técnicas de integración corpo-mente tamén son do seu interese, por iso integra o exercicio da meditación e o adestramento sensorial no seu traballo. Desenvolve a súa actividade nos Países Baixos facendo as súas propias creacións e traballando como bailarín para distintos proxectos e coreógrafos.

Artistas colaboradores

Jorge Dutor

Estudou escenografía na Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid. Traballou no deseño de escenografía e vestuario de diversos espectáculos teatrais (*Las Criadas*, *Noches de amor efímero*, *Adiós a todos...*), curtametraxes (*Sobremesa*, *Historia de un búho*, *¡Todas!*), longametraxes (*No dejaré que no me quieras*, *Más de mil cámaras velan por tu seguridad*), publicidade, series de televisión (*Amar en tiempos revueltos*)... Foi, ademais, director do Festival Internacional de Teatro Ciudad de Baeza e programador e organizador da parte musical do III Festival Rural de lo Moderno. Tamén desenvolve o seu traballo como distribuidor de compañías, programador, relacións públicas e axitador cultural.

Óscar Villegas

Licenciado en dirección de escena pola ESAD de Madrid, este artista sonoro compaxina dende hai anos a súa actividade como compositor de música para teatro e danza coa de director de escena. Ata hoxe compuxo e produciu a música de máis de 50 espectáculos, instalacións e proxectos multimedia. Movéndose entre a tradición e a modernidade traballa como director musical, paisaxista sonoro e *performer*. Realiza tamén a súa actividade como docente impartindo distintos cursos e talleres relacionados coas artes escénicas na Escola de Arte Dramática de Valladolid e a Universidade Carlos III.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



Agencia Galega das
Industrias Culturais



centro
coreográfico
galego



centro
dramático
galego